ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 14.06.2014

Nas dependencias do "Hotel Congreso" de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 14 de xuño de 2014, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretario a que é da mesma Dª Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes

2. Aprobación da acta da sesión anterior.

3. Informe do presidente

4. Modificación dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2014/15, aprobadas por la Comisión Delegada.

5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2014/15, aprobadas polo Comisión Delegada.

6. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2013.

7. Aprobación do Orzamento de Exercicio 2014.

8. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.

9. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 16,30 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:
A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 22 asembleístas, e informa que según os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:
A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ninguna impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.

3.Informe do presidente:
O Presidente diríxese aos presentes e indica será breve e logo os diferentes responsables de áreas o farán máis en profundidade.

Remata unha etapa no meu segundo mandato, este ano haberá eleccións a Presidente polo que quero facer un resumo da evolución da xestión federativa:

Area de Adestradores:

A figura do adestrador é básica nos clubs, e temos que tomar constancia da importancia do impacto no neno destes.

Desenrolamos a "Aula formativa do Adestrador Galego" cunha serie de charlas dirixidas os adestradores en formación e impartidas por diferentes técnicos.

Creamos a "Plataforma da mellora do adestrador Galego", queremos que os adestradores en formación poidan ser tutelados por técnicos da escola Galega de adestradores y axuden

"O claustro docente da FGB" reuníronse en Lugo os técnicos pertencentes a Escola Galega de Adestradores, e tamén se invitó a participar a adestradores das ligas FEB, así como a todos os adestradores de Galicia. Neste claustro houbo unhas ponencias e despois debatiuse

Area de Competicións:

Conseguido asentar las competicións, mellorándo en todo aquelo que nos apuntaban os diferentes clubs.

O nivel competitivo das 1ª Divisións junior, cadete e infantil, foi alto, o noso baloncesto está mellorando, está avanzando.

Mantemos os equipos en ligas FEB. Xunto con Catalunya e País Vasco somos os que más temos de España.

Igualmente, recoñece os bos resultados, tanto organizativos como deportivos, colleitados nos diferentes Campionatos de España de clubs como síntoma de que a base tamén está moi viva.

Árbitros e Auxiliares

O Presidente realiza unha somera análise do traballo do Comité Galego de Árbitros, parcela da FGB que proseguiu a súa carreira co obxectivo de avanzar, coa normalidade e a efectividade requiridas, no que a formación e control das competicións se refire.

Faremos unha campaña de concienciación para pais, clubes e adestradores, na que se fará fincapé nos valores do deporte.

O mundo arbitral melloró dende a chegada do Director Técnico Miguel Angel Pérez, queda todavía moito que mellorar, pero que nestes próximos anos esperamos ter acadado un maior nivel.

Seguiremos pelexando pola mellora da calidade do árbitros galegos.

Area Económica

Dentro da area económica a temporada foi dura. A pasada tivemos un déficit considerable, pero esta temporada apertámonos o cinto e a pesar das baixadas das subvencións tivemos un resultado positivo.

O presidente salienta que e de destacar o esforzo do equipo directivo que está tratando de suplir esta baixada de ingresos co busca de sponsors e de empresas privadas que axuden a potenciar, fundamentalmente, o deporte de base.

Agradece o apoio do presidente da FEB co desenrolo en Galicia do programa "Galicia 2014 imos pola copa". Dentro deste programa organizáronse actividades de todo tipo, fases finais dos campionatos de España, campionatos de seleccións, clinícs de adestradores, a visita do Road Show, Plaza 2014 e Protour 2014 e todo co broche de ouro do encontro da Selección Sénior Masculina en A Coruña o vindeiro mes de agosto.

Finalmente, e para rematar, o presidente amosa a súa gratitude para cos auténticos protagonistas deste deporte: clubs, técnicos, xogadores, directivos, árbitros e oficiais de mesa. Sen o seu compromiso para co Baloncesto, o traballo como Federación sería farto difícil de levar a cabo. Tamén agradecer os pais dos nenos que estiveron nos programas da FGB, o seu comportamento foi exemplar.

Expresa tamén o seu agradecemento ao bloque de traballo que configura o día a día da FGB. Camiñando sempre en equipo, percibiremos entre todos un mellor futuro para a xestión do noso baloncesto.

Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada. Quería remarcar determinadas

Dividimos a federación en oito zonas de traballo que coinciden coas delegacións e incrementamos a zona da Mariña Lucense sustituindo a zona de bergantiños.

As competencias da área deportiva son:

1.- Preocupación da tecnificación dos xogadores/as dende os CETIS (entendendo que o traballo diario depende dos clubs).
2.- As selecciones autonómicas: participación nos campionatos cadete, infantil e Minibasket.
3.- Area adestradores: preparación cursos, formación contínua, profesorados etc.

Tamén informa sobre o seguinte:

- Realización de 55 Cetis zonales de categoría Minibasket, Infantil e cetis de promoción. Casi o 75% deles foron de minibasket.
- Realización de 7 Cetis de Tecnificación autonómicos de categorías Infantil, Minibasket, e Cadete.
- Preparación das selecciones autonómicas Cadete, Infantil e Minibasket, cun total de 42 xornadas de trabajo e 12 adestradores.
- Interacción ca Area de Salud: recoñecementos médicos a tódolos integrantes das seleccións galegas. Presencia de Fisioterapeutas nos adestramentos.
- Convenio inter-federacións para torneos preparatorios dos Campionatos de España de Selecciones con País Vasco, Castilla-León e Madrid.
- Os resultados das seleccións.
- Cursos de adestradores: 6 de iniciación con 140 alumnos, e os de Nivel I e II cun total de 78 alumnos.

- Formación continua para adestradores: "Aula formativa do adestrador" en colaboración co Obradoiro, cun total de 6 charlas técnicas.
- Creación do Claustro Docente FGB.
- Creación da Plataforma da Mellora do Adestrador Galego.
- Clínic de Seleccionadores en Tui.
- Colaboración con entidades e clubs para o apoio das iniciativas de formación de adestradores.
- Semana de adestramentos coa AEEB.
- Priorización da promoción e desenrolo do Minibasket: Xornada de Harmonización, Pequebasket, Xuntanza Minibasket e Preminibasket.
- Jamboree de Minibasket de Clubs.

Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- Os árbitros galegos que asistiron as Fases Finais dos Campionatos de España .
- Aumento actividades técnicas.
- Colaboración con diversos clubs en convivencias e asistencia de árbitros en formación.
- Integración coa Area de Saúde da FGB.
- Contestación a tódolos escritos identificados dirixidos o comité.
- Participación dos árbitros galegos a nivel internacional: Miguel A. Pérez, Carlos Cortés e Jorge González Marqués.
- Mellora do nivel dos árbitros e oficiais nas categorías de formación.
- Campaña de concienciación para evitar incidentes, primordialmente nas categorías Minibasket e Infantil.
- Nova estrutura da Area técnica do Comité.

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2014/15, aprobados pola Comisión Delegada.

A Secretaria indica aos asistentes que no seu día, conxuntamente coa convocatoria de esta asemblea, se lles enviaron as emendas propostas polos Clubs.

So se presentan enmenda o artigo 90 do Regulamento Disciplinario por parte do C.B. Universitario Ferrol e do C.B. Artai.

Preséntase unha enmenda transaccional entre as tres partes que teñen os asembleístas no seu poder quedando a mesma da seguinte forma:

Art. 90 do Regulamento Disciplinario.

Engadir:

F) O recurso deberá vir acompañado do xustificante do ingreso do depósito de 30€, o cal será devolto o interesado no caso de que se estime total ou parcialmente.

G) As sancións económicas (excepto as que teñan que ver con impagos arbitrais) terán un desconto do 50% sempre que se aboen dentro dos sete días naturais contados dende o seguinte a recepción da sanción e sempre que renuncie a formular calquera tipo de recurso en relación a mesma

Procédese a votación:
Votos a favor: 22
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Apróbase por unanimidade.

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2014 -2015 , aprobadas pola Comisión Delegada.

A secretaria informa que as únicas emendas presentadas foron por o C.B. Artai, que xunto ca Comisión Delegada da Federación propoñeron ás enmndas transsacionais que os entregaron a entrada da asemblea.

Artº 4.1. Sustituir por: " Esta categoría estará formada polos equipos da Comunidade Autonóma Galega seguintes:

- Equipos descendidos da 2ª Div. Masculina da temporada anterior.
- Equipos que manteñen a categoría.
- Equipos ascendidos a esta categoría de acordó coas normas específicas para as competicións.
- Equipos que o Comité de Actividaddes autorice a participar: descendidos da temporada anterior ou de nova inscripción nos grupos onde non exista a 4º división.

Procédese a votación:
Votos a favor: 22
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Apróbase por unanimidade.

Artº 10.02, 12.2, 14.2, 16.2

Incluir: COPA OUTONO

A federación Galega de Baloncesto organizará a Copa Outono tendo en conta estas premisas:

EQUIPOS PARTICIPANTES

A disputarán os equipos que se inscriban o efecto antes do 30 de xullo do 2014.

No caso de que para esta Copa Outon se inscriban menos de 4 equipos non se levará a cabo.

Todos os xogadores/as que disputen esta Copa tiveron que ter licencia na temporada anterior na Comunidad Autónoma Galega. De non ser así deberán abonar o seguro deportivo correspondente.

Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadores/as pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñadas na liga FGB e na súa Fase Final, sempre e cando estos equipos estén debidamente dilixenciados.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o equipo local están obrigados a comunicar o resultado, o mesmo día do encontro, á Federación Galega de Baloncesto por SMS ao número 686936427 ou ben por correo electrónico a resultados@fegaba.com

FORMA DE XOGO

O Comité de Actividades en base os equipos inscritos formulará o sistema de competición

DATAS DO SORTEO E XOGO.

Data de sorteo: 25 Agosto ás 17.00 hrs.

Os equipos inscritos para esta fase poderán renunciar a xogala con 48 horas de antelación a data do sorteo. Caso de facelo posteriormente a esta data a súa renuncia será comunicada o Comité Disciplinario competente.

Datas de xogo (poderán ser dobres xornadas):

Agosto: 31 Setembro: 7, 14, 21

Final: 28 Setembro.

Procédese a votación:

Votos a favor: 21
Votos en contra: 0
Abstencións: 1
Apróbase por maioría.

Artº. 18.2, 20.2.

Incluir: COPA OUTONO

A federación Galega de Baloncesto organizará a Copa Outono tendo en conta estas premisas:

EQUIPOS PARTICIPANTES

A disputarán os equipos que se inscriban o efecto antes do 30 de xullo do 2014.

No caso de que para esta Copa Outon se inscriban menos de 4 equipos non se levará a cabo.

Todos os xogadores/as que disputen esta Copa tiveron que ter licencia na temporada anterior na Comunidad Autónoma Galega. De non ser así deberán abonar o seguro deportivo correspondente.

Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadores/as pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñadas na liga FGB e na súa Fase Final, sempre e cando estos equipos estén debidamente dilixenciados.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o equipo local están obrigados a comunicar o resultado, o mesmo día do encontro, á Federación Galega de Baloncesto por SMS ao número 686936427 ou ben por correo electrónico a resultados@fegaba.com

FORMA DE XOGO

O Comité de Actividades en base os equipos inscritos formulará o sistema de competición

DATAS DO SORTEO E XOGO.

Data de sorteo: 25 Agosto ás 17.00 hrs.

Os equipos inscritos para esta fase poderán renunciar a xogala con 48 horas de antelación a data do sorteo. Caso de facelo posteriormente a esta data a súa renuncia será comunicada o Comité Disciplinario competente.

Datas de xogo (poderán ser dobres xornadas):

Setembro: 14, 21, 28 Outubro: 5

Final: 12 Outubro.

Procédese a votación:

Votos a favor: 21
Votos en contra: 0
Abstencións: 1
Apróbase por maioría.

Artº 21.7. Sustituir por:

"Os dous primeiros equipos clasificados de cada un dos grupos e os dous mellores terceiros, xogarán a Fase Final da Liga FGB por réxime de concentracións na sede que designe a FGB. A data poderá ser cambiada si coincide co Día Autonómico do Minibasket. Esta Fase disputarase en dous días:

Os oito equipos xogarán unha eliminatoria o primeiro día (sábado) a partido único. Esta eliminatoria farase por sorteo (tratando de que non coincidan os primeiros equipos entre eles nin equipos que formaran parte do mesmo grupo).

Os gañadores de esta eliminatoria (4 equipos) disputarán o día seguinte (domingo) as semifinais pola mañá e a final e o 3º-4º posto pola tarde

Procédese a votación:

Votos a favor: 22
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Apróbase por unanimidade.

Artº 22.3. Sustituir por:

Cruces clasificatorios e Finais: 25 de maio ás 18.30 hrs.

Fase Previa:

"Os oito equipos clasificados, xogarán a Fase Clasificatoria a Fase Final da Liga FGB por réxime de concentracións na sede que designe a FGB. A data poderá ser cambiada si coincide co Día Autonómico do Minibasket. Esta Fase disputarase en dous días:

Os oito equipos xogarán unha eliminatoria o primeiro día (sábado) a partido único. Esta eliminatoria farase por sorteo"

Procédese a votación:

Votos a favor: 22
Votos en contra: 0
Abstencións: 0
Apróbase por unanimidade.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2013

Antes do comezo da exposición e explicación das contas do exercicio 2013 por parte o Tesoureiro indica aos asistentes que as contas do exercicio indicado están Auditadas, e informa que se lle remitiu a tódolos asembleístas o informe do mesmo así como as contas anuais.

Seguidamente o Tesoureiro explica aos asistentes as contas, así como a liquidación de exercicio 2013. Fai un percorrido por todas as partidas que compoñen este capítulo, do que todos os asembleístas teñen coñecemento e que se lles enviou xunto a convocatoria da asemblea.

Non existen emendas ás contas indicadas. Igualmente. Sométese a votación este apartado co seguinte resultado:

Votos a favor: 22.
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Quedan aprobadas por unanimidade as contas do exercicio 2013.

8.- Aprobación do Orzamento de Exercicio 2014.

O Tesoureiro explica aos existentes en que van a consistir os orzamentos de ingresos e gastos de cara a tempada 2014/2015. Incide na dificultade que entraña esta tarefa debido a crise económica que todos estamos a padecer e da que o deporte non está exento.

Comunica que se van a seguir recortando os gastos, tal e como se fixo no exercicio do 2013 e tamén fai fincapé na dificultade de encontrar ingresos económicos privados, o que dificulta levar a cabo o total das actividades que desexamos.

Indica que se vai procurar levar a cabo as actividades xa programadas, así mesmo confirma que está previsto que se nivelen os gastos e ingresos sen que se produza quebranto algún para a Federación.

Procédese á votación do orzamento para o exercicio 2014 co seguinte resultado:

Votos a favor: 22
Votos en contra: 0.
Abstencións: 0

Queda aprobado por unanimidade o orzamento para o exercicio 2014.

9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2014/2015 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Procédese á votación dos nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación:
Votos a favor: 22
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

9. Rogos e Preguntas.

A secretaria informa do sistema a seguir para este punto de rogos e preguntas no que se fará dos roldas de preguntas.

Iníciase a primeira rolda:

C.B. San José de la Guía representado por Rosa Mª Martínez Montes, solicita al Director Deportivo de la FGB que evalúe a categoría preminibasket referente o cambio de que xoguen 4 xogadores, xa que en Vigo parece que non están moi contentos.

Carlos Colinas informa que en todas as delegacións, excepto Vigo, as valoracións son moi positivas. A intención da FGB e seguir co mesmo formato.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 17.40 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

Relación de Asistentes

C.B. Artai (Jorge López Mosquera)
C.B. Celtas (José A. Sama Díez)
Obradoiro CAB (José Rivera Rodríguez)
C.B. Cambre (José A. Martínez Arias)
C.B. San José de la Guía (Rosa Mª Martínez Montes
C.B. Universitario Ferrol (Leopoldo Ibáñez Santiago)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
C.P. Maristas Lugo (Rubén Engroba Cabo)
C.D. Bosco (Carlos Colinas Morán)
C.B. Culleredo (Francisco Botas Lamas)
C.I. Rosalía Castro (Francisco Montero García)
C.B. Cluny (José M. Castelao Figueiras)
A.D. Valle Inclán (Adriana González Borrás)
C.B. Sto. Domingo Betanzos (José Mª Valeiro Iglesias)
C.B. Universidade Vigo-Lagunas (Luis Pérez Gómez)
Francisco Martín Micó (Presidente)
Francisco M. Guillamet Noya (Árbitros)
Juan Bosco Casal (Arbitros)
David Guillán Riveiro (Arbitros)
Juan C. Ares Méndez (Xogador)
José Manuel Villamarín Couto (Outros Colectivos)
José Luis Renda Bellet (Outros Colectivos)